

XEADA



XUÑO 2024

CEIP MESTRE VALVERDE MAYO

SANGUIÑEDA MOS

ÍNDICE

Editorial



Luísa Villalta - 6º



Dinosaurios en 3 anos

Se eu fose un dinosaurios - 4 anos

Dinosaurios - 5 anos A



Dinosaurizámonos - 5 anos B

Adiviñas de Primeiro



Os contos de Segundo



Festival de Cans - 3ºA

Os nosos dereitos - 3ºB



Consumo responsable - 4º



Sobremesas sobre versos - 5ºA-B

Festas escolares de tradición galega

Carta de despedida - ANPA



Editorial

Un novo curso chega ao seu fin, e con el o momento de facer unha pequena reflexión deses momentos, aprendizaxes, xestos ou imaxes que quedarán, durante máis ou menos tempo con cada un de nós.

Foron estes, meses nos que a xornada lectiva estivo repleta de actividades, dentro e fóra do centro, sempre en favor do coñecemento da nosa contorna, da importancia do seu coidado e daqueles que nos rodean. Educando no consumo responsable, no respecto e tolerancia ante os que pensan ou senten dun xeito diferente. Un curso no que o traballo en convivencia e igualdade, foi pilar indiscutible da nosa labor docente, como educadores de futuros adultos que deberán desenvolverse nunha sociedade con bo xuízo e non prexuízos.

Grazas a toda a comunidade educativa pola súa presenza na vida da nosa escola, ANPA, familias, e colaboradores que cos seus coñecementos e aportacións enriqueceron e así esperamos que o segan a facer, a vida do noso cole.

E un agradecemento final e moi especial para unha mestra compañeira que viu medrar a varias xeracións de veciños e veciñas da nosa parroquia e arredores, que polas súas clases pasaron hoxe xa, enxeñeiros/as, médicos/as, mestres/as, mecánicos/as, perruqueiros/as, veterinarios/as, camareiros/as...aos que lles une algo común, ter aprendido dunha grande amante da ensinanza.

Creadora de historias, de versos enredados en rimas imposibles, de contos que desprenden o aroma da nosa terra galega e a nosa fala cantareira, esa mesma que, os seus queridos Gale e Gala, pasearon polo cole a ritmo de "Ola ola ola, o galego na escola, con Gale e Gala mola".

Grazas MESTRA MARI LUZ, en nome dos teus xemelgos, abandeirados da nosa lingua, pola que tanto traballaches, quitándolle moitas veces horas ao descanso e o lecer, aínda que para ti, o teu traballo sempre foi espazo de goce onde plasmar a grande paixón pola túa profesión.

Un GRAZAS infinito....

CEIP MESTRE VALVERDE MAYO



LUÍSA VILLALTA



Luísa Villalta Gómez foi unha escritora, filóloga e violinista galega que naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo o 1957 e finou na mesma cidade o 6 de marzo do 2004. Ela escribiu poesía, narrativa de ficción, teatro, ensaio, artigos e tamén fixo traducións.

Os seus pais Rafael e María e a súa irmá Susana foron moi importantes para ela.

A RAG (Real Academia Galega), a proposta da tamén escritora Ana Romani, decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas neste ano 2024. Destaca dela que foi a “creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90”

No ano 2022, O colectivo A Segra dedicoulle o Día das Galegas nas Letras e dela dixo “celebrámoste desde a complexidade da épica ao publicismo, deste ti, desde o teu pensar lúdica e comprometida, sempre na construción dun pobo”.

Luísa Villalta estudou no colexio das Xosefinas e no IES Eusebio da Guarda. Licenciouse ne Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago.




Tamén foi titulada superior en violín e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela, da Xove Orquestra de Galicia e de diversos grupos de cámara galegos. Obtivo moitos recoñecementos como violinista e formou o grupo de Folk Escaino.

En 1988 aprobou as oposicións de profesora de Lingua e Literatura Galegas e deu clase nos IES Xosé Orquestra Neira Vilas de Oleiros, no Canido de Ferrol e no IES Isaac Díaz Parado de Sada.


Luísa Villalta desenvolveu unha intensa actividade cultural: participou en seminarios e recitais poéticos e colaborou en diversas publicacións como Man común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos ou A Trabe de Ouro. Tamén formou parte de entidades como a asociación de escritores en lingua galega, O Foro da Cultura Galega ou A Mesa pola Normalización Lingüística. En palabras de Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega, Luísa Villalta representa ese impulso creativo, unha curiosidade intelectual e artística que a leva a ensaiar diversas formas de expresión, diferentes xéneros, nos que saliente moi especialmente a poesía. Como dramaturga escribiu *Concerto para un home só*, *O representante*, *O paseo das esfinges* e *Os doces anos da guerra*. As súas obras narrativas son *Silencio*, *Ensaíamos*, *Teoría de xogos* e *As chaves do tempo*.

Entre os seus libros de poesía destacan *Música reservada*, *Ruído*, *Rota ao interior do ollo*, *Estudo de sombras*, *En concreto* ou *Papagaio*.



UEGA Carmela Alex Ángel Martín Xavi Dani
Marwan Adán Héctor


Encanto o meu outro sol
se instala no ponto certo das cousas
deszo soia o arpexio da luz cara a nota máis grave,
cara ó seu fundamento,
o aroma onde medra a raíz do revés.
Náceme a boca a un sorriso de noite
mostrando fragmentos de estrelas prohibidas.
Existe u lugar sen palabras, un escuro zoar,
unha voz indivisa
e a vontade de entrar pola porta vacía que deixan as
formas.




AIRam
Félix Mateo Noé ENZO Sumi Uri Ainhoa Mamuel

6º

OS DINOSAUROS CHEGAN
À CLASSE DE 3




IFANSAURO




MORASAURO




JAVISAURO



ANXOSAURO



NQASAURO




XALOBESAURO




CLARASAURO



EREASAURO




TIAGOSAURO




IANSAURO




SARASAURO




SAMARSAURO



AMKOSAURO




LEOSAURO



ANTIASAURO

SI EU FOSE UN
DINOSAURO...

MARIATIREX




María

TOM



Angel

UNICORNIO LUZ DE LUNA



Elba

RETILUS



Lucas

GUQUISAURIO




Nerea

SONIC FLACK



Teo C.

TRICERATOPS



Gala

SONICSONGOLU




Alan




Mateo




Alex




Einar



Adai



Chloe




Xabier




Zoe



Naia



Teo P




Claudia


DINOSAURIOS

6º A INFANTIL

A PALABRA DINOSAURIO
SIGNIFICA LAGARTO
TERRIBLE



DINOSAURIOS HERVÍVOROS COMEM
PLANTAS FRUITA E SEMENTES



ANQUILOSAURIO



TRICERATOS



DIPLODOCUS

CARNÍVOROS COMEN CARNE,
PEIXE E OVOS.



CARNOTAURO

ESTEGOSAURIO




TIRANOSAURIO
REX

ALGUNS VOABAN COMO O
TERANODON



NACEM DE OVOS



DINOSAURIZÁMONOS

O ALUMNADO DE 6º DE E.J.B
XOGAMOS A SER PALEONTÓ-
LOGOS. ADIVIÑA AS CARACTE-
RÍSTICAS DOS NÓSOS DINOSAuros.

MAZA



cuadrúpedos


CUADRÚPEDOS

pinches

lempedos

CARNÍVOROS


LIBIASAURO



AFRICASAURO




DAVIDSAURO







CALOESAURO



DANIELASAURO



AXELSAURO




MIREOSAURO

JADESAURO



SARASAURO

ELOS AURO




CLAUDIASAURO



PABLOSAURO

ADIVIÑAS


Non poño mala cara
aínda que sempre
me dan col
Quen son?



Que animal de bo olfacto
casa dentro da casa,
todo recuncho repasa
e lambe, se atopa, un prato?



Tenho un amigo
de rabro patas
que vén conmigo
gardar as rocos.



Un espectador
sen agullas nin horrorio
que, ao roiar o día,
especta os vecinos



1º E.P.

OS CONTOS DE 2º

O menino e os animais do zoo

Um menino xover viu uma ninhada de animais ao lado do bosque. Uns animais escaparam-se do zoo e o menino foi abuscá-los. De repente espiou uns ruidos raros detrás dun arbusto chamárralle a atención e foi a ver a arbusto. Ato pouco viu gato, um elefante bebé, um esquilo e um peixe numa peceira. Quando o menino quis falarlos ao zoo perduse e os animais o ajudaron. Finalmente chegou á sua casa e coloriu este conto está rematado!!!



Os tres Xoguetóns

A belhoreta e a xoaniña fixéronse amigas. De súpeto, atopáronse cun raposo. Correran moito, pero o raposo atrapounas e levounas adiante. Ali fixéronse amigos, pero un día o raposo morreu e os seus amigos puxéronse moi tristes. Cada día van ao sitio onde morreu e sempre lle levan flores. Tempo despois, as amigas morreron e foron ao ceo e atoparon ao raposo e volveron xogar.

COLORÍN COLORADO ESTE CONTO
ESTÁ REMATADO!!!




A veda na selva

Um dia Golfinho desapareceu e Bolbereta estava
muito preocupada. Depois a Bruza acendeu a sua varinha
mágica e mostrou onde estava Golfinho. De súbito apareceram
Golfinho, Mesi e Bolbereta. Estavam muito contentes e desde
então Golfinho não se perdeu nunca mais e Bolbereta e
Golfinho fizeram uma veda.

COLORÍN COLORADO ESTE CONTO ESTÁ REMATA-

-DO!!!



O bosque máxico

Un sábado calquera nun
bosque calquera, había un gato e
un can que se perderon de repente, un
neto con uns ollos brillantes, no fondo
O gato e o can se fixeron amigos ao final.

Feron á procura e viron un gelfiño.
COLORIN COLORADO ESTE
CONTO ESTA REMATADO



A borboleta Irene

Hai muito tempo havia uma borboleta que se chamava Irene. Um dia perdeu-se na floresta e atendeu um campo de flores. Encontrou uma flor de cor magenta e sorbeu a flor, pero desmaiou. Um dia depois morre porque era venenosa. Uma pena...

COLORIN COLORADO ESTE CONT O ESTÁ RE MATADO!



FESTIVAL DE CANS

Localizacións do Festival de Cans


O Círculo Recreativo Cultural de O Borno:
Lugar da vila de onde saen os chimpíns
cos convidados en procesión ata Cans.



O Can de pedra
Figura situada na rotonda
de entrada a Cans. Aquí arranca
o festival, coas Pandereteiras de Cans.




O Cans Boulevard:
Mercadiño con postos de artesanía
onde se vende a famosa camiseta



A Costa Azul
Zona que os veciños decoraban con
fotos do festival. A cor predominante
era o azul.



O Muro dos Chimpíns.
Espazo de homenaxe a veciños e veciñas
que teñon recibido o Chimpín de Prata.



O Torreiro
Lugar das maiores celebracións, ao
lado da igrexa. No seu chan están as
estrelas de visitantes famosos.



O Parque do Río
Parque infantil onde os veciños e veciñas
desfrutan dun xantar.



A Casa do Carreira
Unha das salas da primeira edición
É un baixo famoso polo
acordeón de Suso.



A Casa de Moncha
Mestura de adega e garaxe, con
xaméns, colgados e barricas de
viño. É famosa pola harmónica.



O Cuberto e a Placa de Bugarrín:
Espazos para concertos.



O Jalineiro Unplugged:
Espaza que xa non se utiliza. Desde
esta edición leva o nome de Kepa Junkera.



O Invernadoiro - Espazo Rei Zentolo:
Lugar para concertos. Un antigo invernadoiro
co Monte Castelo de fondo.



Bodega de Alicia
Convértese nun estudo de Radio 3,
con programación en directo.






Escoita na nosa
RADIO ESCOLAR
o programa de
aula sobre o
Festival de Cans



OS NÓSOS DEREITOS

Os nenos e as nenas temos dereitos desde que nacemos, é o máis importante que temos e ninguén nosos pode quitar!!




Em 1954, a Assembleia da ONU, (Organización das Nacións Unidas), aprobou a Declaración dos Dereitos do Neno. Pero non é ata 1989, cando a Asamblea aproba a Convención dos Dereitos do Neno.





Pero tamén temos deberes! Son as responsabilidades que debemos realizar para vivir ben e en igualdade.



TODOS OS **NENOS E AS**
MENAS SOMOS
UNICOS E
IMPORTANTES

ANTÓN





CONSUMO RESPONSABLE

ACCIONES

REUTILIZA

CICLO



REDUCIR.

ECONOMIA CIRCULAR

UN NOVO VERBO:

COMPOSTAR

ANÍMATE A
COMPOSTAR
MATERIAIS:

- ① - Lixar.
- ② - Compostador.
- ③ - Material húmido.
- ④ - Material seco.

ONDE?

Busca un lugar à sombra preto dunha fonte de auga.
Evita a exposición a correntes de aire.

COMO?

1 Prepara unha base de tamaño de 20cm.

2 Pon residuos orgánicos alternando material húmido e seco.

3- Remexer de cando en vez, para arelar.

4- Manter o grao de humidade adecuado.

5- Despois duns meses, estará listo para usalo.



DECALOGO PARA REDUCIR OS DESPERDÍCIOS

1) Planifica o teu menú e evita a improvisación.

2) Fai unha compra responsable: revisa a despensa e o frigorífico. Fai unha lista só do que necesitas.

3) Ten en conta o teu presuposto e lembra: tirar comida é tirar diñeiro!

4) Conserva adecuadamente os alimentos, consulta a etiqueta e os soportes informativos e non dubides en preguntar ao profesional.

5) Intenta comprar produtos de tempada e consume a comida por orde de entrada: A máis antiga primeiro.

6) Ajusta as racións e intenta cozinhar só o necesario.

7) Aproveita as sobras con creatividade e atrévete con novas receitas.

8) À hora de tirar, deposita na basura só o que seja imposible de aproveitar.

9) Leva o teu propio recipiente comêdo como form.

10) Se comes de restaurante, lembra levar as sobras.

~~Maia~~

Xoel
AC

Nayara

Fran

Uxi

Izab

~~Xián~~
Xián

Orma

Regue

Adrián Piñeiro

Nicolás

~~Xabier PF~~

~~Naiara~~

Lía

Asiel

~~José~~

~~Star~~

Lia

Marina

~~León~~

Carlota

~~Carlota~~

4º E.P.

SOBREMESAS
SOBRE *versos*

Estas recetas atopámolos no libro "Sobremesas sobre versos", escrito pola marabillosa escritora Raquel Castro. Grazas!

~~TORTA DE MILLO~~




1 CULLER DE LÉVEDO.

1 VASO DE LEITE.

3 OVOS DE CURRAL
280 G DE FARINA MILLA

250 G DE FARINA TRIGA.
100 G DE MANTEIGA.

~~CREMA DOCE~~



CASCA DE LIMÓN



CLARAS DE 4 OVOS
FARINA


1L de leite

4 CULLERES DE AZUCRE

CREMA




Doce




INGREDIENTES

Um litro de gordo leite
pedimoslo á pinta vaca,
a un agre limón marelo
quitalle a marela casco,
do trigo, trigo, trigueiro
collemos pouco bromo.
Catro culleres de azucre
sacado da doce cana
Da galíma pamedora.
de catro ovos as claras,
canela mais a vainilla,
para adornarmos a nata.




PREPARACIÓN

No branco leite fervemos
as póliñas de canela
e deixámolo arrefriar
no peitoril da xanela



Amarelas xemas de ovo
ao branco azucre xuntadas
maís a colher de fariña
na cazola mesturadas



Botade o maso no leite
de novo posto A FERVER
remexe que remexe
non o podes esquecer



Metemos en catro cuncas
a masa ben remexida
regadiña de vainilla
con canela espartexida



TORTA DE MILLO

INGREDIENTES

* De branca fariña triga *

o dousecentos cincuenta gramos,

* de gorda fariña milla *

cento cincuenta botamos

Ben cen gramme de manteiga *

* da curral tres ovos engadamos

de leéedo unha cullen *

con vaso de grosso leite,

* cos ingredientes xa estamos.

PREPARACIÓN

Non curco ben grande a masa has de facer, xuntando as farinas e de levedo a culler.

Derretemos a manteiga nun cazo pequeno, engadimoslla ás farinas cos tres ovos, que batemos.


Introduce logo o leite, non pares de remexer, obtendo unha masa, para no forno meter.

Unta de manteiga un molde, vértelle a masa enriba, méteo no forno logo e espera media horiña.

ALUMNADO 5º E.P

Festas de tradición galega

Festas de outono



Gale e Gala
van anunciar
polas aulas
a actividade:
Cantamos...
... panxoliñas

XAN PEREIRO, O CHOQUEIRO

Son amigo do Entroido
chámome Xan Pereiro,
todo o mundo me coñece
como Xan o Choqueiro.

Veño dende A Coruña
do Barrio de Monte Alto,
espero que nesta festa
non leves un sobresalto.

Non precisei mercar nada
para ir ben ataviado
con roupa vella da casa
acabei ben disfrazado.

Así que xa sabes ...

Cando chegue o Entroido
e non saibas que poñer,
de choqueiro ou choqueira
é ben fácil de facer.

 **A correr o Entroido !!!** 


GALE E GALA LEN O PREGÓN




ENTROIDO 2024




Recitando a Rosalía





Escoita os
anuncios na
nosa radio



2º PREMIO NA CATEGORÍA DE PRIMARIA

CEIP Mestre Valverde Mayo
Mos, Pontevedra



Concerto: "Para Luisa"



Grupo de
5º EP

CARTA DA ANPA

CARTA DE DESPEDIDA...

Estimadas familias:

Estas últimas semanas do curso poñen fin a tres anos de compromiso desta xunta directiva coa ANPA DO CEIP MESTRE VALVERDE MAYO.

A nosa contribución á comunidade educativa foi voluntaria e quen máis se beneficiou é o alumnado do noso colexio, que, en realidade, son os verdadeiros protagonistas e impulsores da nosa dedicación ao centro. Agardamos que o noso traballo fose do voso agrado. O que podemos asegurar é que intentamos facelo o mellor que sabíamos.

Informarvos da importancia de participar na Primeira Asemblea Anual o vindeiro ano, xa que é a quenda de renovar a XUNTA DIRECTIVA e aínda que xa contamos con voluntarias, animámosvos a que vos presentedes para seguir co traballo desta asociación.

Queremos lembrar tamén o carácter plural e asembleario da ANPA e convidar a todas as familias a seguir colaborando, presentando iniciativas, enviando as súas ideas, necesidades, demandas e participando activamente na asociación. E como non podía ser doutro xeito, o máximo agradecemento de antemán á nova directiva pola súa vontade de dar continuidade á xestión e representación da ANPA.

Entendemos que non todo o mundo está dispoñible para comprometerse... pedimos a todas esas persoas o seu apoio e colaboración coa nova directiva, para que sigamos mellorando a Escola onde estudan os nosos fillos. Podedes estar seguros de que terán o noso.

Non sería xusto despedirse sen antes dar as grazas a todos os socios que nalgún momento colaboraron coa ANPA. Tamén queremos facer mención á Xunta Directiva e ao Profesorado do Centro, que tanto como nós entenderon que o obxectivo sempre foi o benestar e a calidade da educación dos nosos fillos.

En representación da Xunta Directiva saínte.

Moitas grazas a todos.

